



Concello de Monterroso

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE UN (1) SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONTERROSO EN RELACIÓN O PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2022 DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E CONCELLO DE MONTERROSO.

1.OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1Obxecto

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de un (1) Socorrista para as piscinas municipais do Concello de Monterroso, a xornada de traballo será:

- 1 xornada completa e por un período de tres meses

O obxecto desta convocatoria é a contratación como persoal laboral temporal de 1 socorrista para as piscinas municipais vinculado ó programa de Fomento do Emprego 2022 da Excma. Deputación de Lugo.

É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

1.2. Normas de aplicación: O proceso de selección regularase polo previsto nas presentes bases, e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en adiante TRET) e demais disposicións aplicables.





Concello de Monterroso

- 1. O sistema de selección** da/os aspirantes será o de concurso.
- A presente convocatoria publicarase no boletín oficial da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>), as bases publicaranse no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>). O resto de actos do proceso selectivo que deban de ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>)

3. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será por un período de tres (3) meses.

O tipo de contrato será o 402 (por circunstancias de produción)

3.1 As retribucións íntegras mensuais da/o traballador/a serán de 1.600,00 €, incluída a prorrata da paga extra.

4. FUNCIONES.

As funcións do contrato laboral temporal que se celebre a resultas do proceso de selección do **posto de Socorrista** serán:

- Funcións de control da seguridade dos bañistas nas piscinas municipais.

5. REQUISITOS DA/OS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, a/os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes; debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato.

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

c) Idade: ter cumpridos 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: estar en posesión do certificado de escolaridade, estudos primarios, graduado escolar, graduado en E.S.O., ou calquera titulación equivalente ou superior.

f) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas ou en situación de mellora de emprego.

g) Titulación de Socorrista ou equivalente.

h) Cumprimento do DECRETO 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG num.93, do 16 de maio de 2023), e outra normativa concordante.

6. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte no proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo I ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso e estará dispoñible no taboleiro electrónico de anuncios e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de Monterroso, no prazo de cinco (05) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>).

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia auténtica :

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

b) Titulación: estar en posesión do certificado de escolaridade, estudos primarios, graduado escolar, graduado en E.S.O., ou calquera titulación equivalente ou superior.

c)) Titulación de Socorrista ou equivalente.

d) Cumprimento do DECRETO 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG num.93, do 16 de maio de 2023), e outra normativa concordante.

e) Estar desempleado/a ou en situación de mellora de emprego. Este requisito debe acreditarse aportando a tarxeta de demandante de emprego e a vida laboral actualizada á data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da sinatura do contrato.

f) Declaración responsable, asinado pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, así mesmo declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola/o aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Relación - anexo II segundo a orde que se establece na base oitava dos méritos que a/os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de MONTERROSO (Lugo), en horario de 9:00h a 14:00h de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Monterroso, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación ao correo electrónico concello.monterroso@eidolocal.es, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de (1) un mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os coa

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase de xeito integro no taboleiro de edictos electrónico (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>), sinalándose un prazo de un (1) día hábil contado a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, data e hora na que se constituirá.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase a composición do tribunal, a data e hora na que se constituirá.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

8. ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal de selección será designado polo alcalde mediante Decreto, una vez aprobadas as listas definitivas de aspirantes.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura da/o secretaria/o e co visto e praxe da/o Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización do proceso de selección.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos; así como adoptar as medidas necesarias.

9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección da/os aspirantes será o concurso, tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos/as candidata/os será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida.

1) FASE DE CONCURSO:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en oito (8) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

1. Experiencia profesional. Máximo (3.00) puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,50 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Monterroso, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,50 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

2. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

- 2.a) Cursos de máis de 200 horas: 1 punto
- 2.b) Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- 2.c) Cursos de 71 a 100 horas: 0,50 puntos.
- 2.d) Cursos de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.
- 2.e) Cursos que 15 a 39 horas: 0,20 puntos.
- 2.f) Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos.
- 2.g) Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

3. Grado ou licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Especialidade en Maestría alto rendemento en Natación: 2 puntos

4. Coñecemento do idioma galego: Computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación, máximo 1 punto.

- 3.a) Celga 1: 0,25 puntos.
- 3.b) Celga 2: 0,50 puntos.
- 3.c) Celga 3 ou grao de iniciación: 0,75 puntos.
- 3.d) Celga 4 ou grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

O resultado final do proceso de selección, será a suma dos méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- Puntuación pola orde dos méritos (do 1 ao 3)
- Se persiste o empate resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>) a puntuación total do proceso de selección (puntuación fase concurso), os aspirantes disporán do prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación ao Sr. Alcalde-Presidente, que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización do correspondente contrato laboral.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso de selección un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produza renuncia do aspirante primeiramente seleccionado ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do contrato obxecto do presente proceso de selección.

11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A/o candidata/o proposta/o para seren contratada/o deberá achegar no prazo máximo de 2 días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

- a) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
 - b) Certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer, enfermidade ou defecto físico que impida
- 0 desempeño das correspondentes funcións.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderá ser contratada/o sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.





Concello de Monterroso

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación pola/o interesada/o, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizará o contrato de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 2 meses.

12. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN/HA (1) POSTO DE TRABALLO DE SOCORRISTA (XORNADA COMPLETA) PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONTERROSO, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO VINCULADO AO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO..

D/^a.....provisto/a de D.N.I. n^o
..... Con enderezo na R/
n^o..... piso ,C.Postal.....
Localidade..... Municipio
.....
Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Monterroso para a contratación laboral temporal, de un/ha (1) posto de traballo de Socorrista a xornada completa para as piscinas municipais do Concello de Monterroso, por un período de tres meses vinculado ao programa de Fomento do Emprego 2022 da Excm. Deputación de Lugo.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Tendo por presentada a presente solicitude para o posto

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

de..... dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para a devandita convocatoria. Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos establecidos nas bases aprobadas nun total de follas (en letra e número e sen incluír esta).

En Monterroso ade.....de 202_

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONTERROSO

1. Cláusula de primeira capa

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Monterroso con dirección en Praza de Galicia, nº 1, CP 27560, en Monterroso (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. Os seus datos persoais cederanse cando exista unha obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

2. Información adicional de protección de datos

Tratamento	XESTIÓN DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS
Responsable	Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso; correo electrónico: concello.monterroso@eidolocal.es ; teléfono: 982 37 70 01
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Laura Huerta Lejo Correo electrónico: laura@lhlconsultores.com ; teléfono: 982330462
Finalidade e prazos de conservación	Xestión dos expedientes administrativos que se xeran no Concello, tramitación de instancias e/ou solicitudes administrativas formuladas ao Concello. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar posibles

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

	<p>responsabilidades que pudieran derivarse da dita finalidade e/ou tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público.</p> <p>Os seus datos non se utilizarán para elaborar decisións automatizadas.</p>
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal regulada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administraciones Públicas.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos aos órganos administrativos do Concello, aos que se dirixa a súa solicitude e, no seu caso, aos que teñan competencia sobre o asunto formulado segundo a Lei 39/2015.
Dereitos das persoas interesadas	<p>Calquera persona ten dereito a obter confirmación sobre se no Concello de Monterroso se están a tratar datos persoais que lle concernan, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos. Para iso as solicitudes de exercicios de dereitos poden dirixirse ao Registro de Entrada do Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso, ou a través dos formularios dispoñibles en https://monterroso.sedelectronica.es/info.0 (Protección de datos).</p> <p>Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non se respeta, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php)</p>

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Socorrista.				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data inicio	Data Remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro impartición	Duración

TITULACIÓN	
Denominación	Centro impartición

Data:

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

A/o solicitante

Asdo:

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617

